

Sumario | nº42 – Decembro 2024

EDIUS **NOVAS**


Máis de 440 novas matriculacións na EDIUS no primeiro período de admisión



EDIUS **NOTA**

Pablo Taboada,
director da EDIUS

*As necesarias medidas dos plans
estratéxicos e de programación
plurianual*



EDIUS **NOVAS**

Azucena Mora, galardón á mellor iniciativa de investigación do Plan Nacional de Resistencia aos Antibióticos



EDIUS **NOVAS**

Guía explicativa sobre como xestionar os datos dunha investigación



EDIUS **NOVAS**

Seis proxectos da USC obteñen axudas á investigación da Asociación Española Contra o Cancro na Coruña



EDIUS **NOVAS**

O científico Álvaro Goyanes, entre os investigadores máis citados do mundo



EDIUS **NOVAS**

New Heart, unha iniciativa pioneira para avanzar na atención cardiovascular entre Galicia e o norte de Portugal



EDIUS **NOVAS**

A profesora María Loureiro, distinguida como «unha das científicas máis influentes do mundo»



EDIUS **NOVAS**

Emprende Circular Azul e Verde - Identificar oportunidades de negocio



EDIUS **NOVAS**

Webinarios sobre os Partenariados Europeos



EDIUS **NOVAS**

Catro investigadoras da universidade compostelá, entre as galardoadas pola Real Academia Galega de Ciencias



ENTREVISTA

Ana Arias Calvo


Unha investigadora do CRETUS consegue o recoñecemento á mellor tese outorgado pola Cátedra AgroBank



ENTREVISTA

Fernando Facal

Premio da Sociedade Española de Psiquiatría e Saúde Mental para unha tese da USC



EDIUS **NOVAS**

Máis de 440 novas matriculacións na EDIUS no primeiro período de admisión

Un total de 2.467 persoas se matricularon na EDIUS no primeiro prazo que rematou o pasado mes de outubro. Delas, 443 fixérono por primeira vez e o resto (2.024) formalizaron a matrícula para continuar co doutoramento.

Por áreas, e como xa vén sendo habitual, a de Ciencias da Saúde é a máis numerosa. Neste primeiro período, formalizaron a matrícula 812 persoas, 141 por primeira vez e as restantes 671 para seguir completando a etapa da tese. Analizando os datos deste ano, déctase un lixeiro incremento no número de doctorandos/as de continuación con respecto ao curso 2023-2024. No curso pasado había un total de 2.017, mentres que até o momento o número xa ascende até os 2.024 e aínda faltan as matrículas que se formalizarán no segundo período, cuxo prazo para solicitar a

admisión estará aberto entre o 31 de xaneiro e o 6 de febreiro de 2025.

As prazas vacantes para este segundo período de matriculación ascenden a 423. O programa de doutoramento con máis prazas dispoñibles é o de Ciencia e Tecnoloxía Química (34), seguido polo de Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos (23) e o de Medicina Molecular Medio Ambiente e Recursos Naturais (17). Sen embargo, xa existen seis PD que cubriron todas as prazas. Trátase dos programas de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario; Dereito; Economía e Empresa; Educación; Ciencias Sociais e Envellecemento; e Estudos da Literatura e a Cultura.

Para iniciar os trámites deste segundo período de matriculación, estas son as datas a ter en conta:

Inicio de estudos do Programa de Doutoramento	Solicitude de admisión 2º período	31 - 6 febreiro 2025
	Publicación relacións provisionais 2º período	14 febreiro 2025
	Reclamación relacións provisionais 2º período	15 - 17 febreiro 2025
	Publicación relacións definitivas 2º período	24 febreiro 2025
	2º período de matrícula	25-27 febreiro 2025
CONTINUACIÓN ESTUDOS		Até o 11 de outubro

[↩ Ir ao sumario](#)

CURSO 2023-2024

Área	Total matriculados	Inicio	Continuación
Artes e Humanidades	478	108	370
Ciencias	451	81	370
Ciencias da Saúde	866	203	663
Ciencias Sociais e Xurídicas	598	139	459
Enxeñaría e Arquitectura	206	51	155
Total xeral	2599	582	2017

CURSO 2024-2025 (SÓ PRIMEIRO PERÍODO)

Área	Total matriculados	Inicio	Continuación
Artes e Humanidades	468	90	378
Ciencias	409	59	350
Ciencias da Saúde	812	141	671
Ciencias Sociais e Xurídicas	582	120	462
Enxeñaría e Arquitectura	196	33	163
Total xeral	2467	443	2024

SEXO (CURSO 2023-2024)

HOMES	1241
Artes e Humanidades	226
Ciencias	294
Ciencias da Saúde	312
Ciencias Sociais e Xurídicas	275
Enxeñaría e Arquitectura	134
MULLERES	1358
Artes e Humanidades	252
Ciencias	157
Ciencias da Saúde	554
Ciencias Sociais e Xurídicas	323
Enxeñaría e Arquitectura	72
TOTAL XERAL	2599

SEXO (CURSO 2024-2025) (PRIMEIRO PERÍODO)

HOMES	1171
Artes e Humanidades	223
Ciencias	261
Ciencias da Saúde	290
Ciencias Sociais e Xurídicas	271
Enxeñaría e Arquitectura	196
MULLERES	1296
Artes e Humanidades	245
Ciencias	148
Ciencias da Saúde	522
Ciencias Sociais e Xurídicas	311
Enxeñaría e Arquitectura	70
TOTAL XERAL	2467



Pablo Taboada Antelo

Director da EDIUS

Nestes últimos catro anos, pode observarse un lixeiro descenso tanto no número de novas admisións como no número total de doutorandos e doutorandas que realizan a súa tese na USC, independentemente da área de coñecemento. Esta pequena pero continua diminución non obedece a un único factor, senón a unha converxencia de varias causas.

En primeiro lugar, a mellora da situación económica permitiu nos últimos anos que a accesibilidade a un posto de traballo, ben no sector público ou no privado, fora relativamente máis sinxela, o que leva aparellada unha diminución, polo tanto, do interese por realizar o doutoramento, como xa foi observado en anteriores ciclos económicos. Ademais, as dificultades para combinar a actividade laboral co desenvolvemento dunha investigación doutoral, a pesar das

NOTA

As necesarias medidas dos plans estratéxicos e de programación plurianual

accións levadas a cabo desde a USC para facilitala, xunto cunha percepción de que o doutoramento non aporta suficiente valor e recompensa suficiente para o desenvolvemento da carreira profesional na empresa/administración para o esforzo que require a súa realización, tamén é un factor que restrinxe o interese. A este feito tamén contribúe especialmente a falta de valoración profesional e retributiva por unha parte aínda significativa de empresas e administracións daquel persoal que posúe o título de Doutor ou Doutora, aínda que, afortunadamente, esta situación está mellorando de forma paulatina.

En segundo lugar, o escaso financiamento nacional e autonómico na forma de contratos predoutorais que permitan unha autonomía financeira durante a realización do doutoramento é un factor clave que desanima hoxe en día a moitos potenciais doutorandos e doutorandas a comezar os seus estudos de doutoramento. Os 90 contratos predoutorais para todo o SUG (e, por exemplo, unicamente os 950 da con-

vocatoria de Formación de Persoal Universitario, FPU, a nivel nacional) antóllanse totalmente insuficientes, xa que só na USC cada ano se incorporan aproximadamente 600 doutorandos e doutorandas. Por iso, as universidades galegas deben reclamar un financiamento adecuada que asegure que cando menos unha parte daqueles estudantes interesados en realizar un doutoramento poidan ter acceso a un financiamento dos seus estudos de terceiro ciclo adecuado.

En terceiro lugar, a falta de definición e a complexidade da carreira docente e investigadora, cunha total incerteza no referente ás posibilidades de promoción e consolidación profesional é outro grande obstáculo.

En cuarto lugar, a aplicación da normativa estatal (RD99/2011) e propia da USC dos estudos de doutoramento, que limita a duración dos estudos de doutoramento, implica un incremento significativo no número de teses lidas nos últimos anos, situándose de maneira sostida por enriba das trescentas, ademais de fomentar as defensas

de teses de persoas doutorandas que levaban moitos anos realizando a súa tese segundo regulamentacións anteriores por espazos de tempo sumamente longos.

Finalmente, a crecente competencia de outras universidades na captación de doutorandos e doutorandas é outro factor importante a considerar neste lixeiro decrecemento observado de matrícula. Por iso, aproveitando o seu elevado prestixio académico e científico, debemos proceder a un fortalecemento tanto da oferta académica de doutoramento como dos mecanismos de captación e seguimento de novos doutorandos e doutorandas. Ademais, os estudos de terceiro ciclo albíscase como a vía principal, xunto cos estudos de mestría, para minimizar o impacto na matrícula universitaria da importante caída demográfica de mozos en idade de cursar estudos universitarios que se vai producir nos vindeiros anos.

Por todo isto, como institución faise necesario aplicar de maneira inmediata as medidas recollidas nos correspondentes plans estratéxicos e programación plurianual aprobados para facer dos estudos de doutoramento da USC o santo e sinal académico desta Universidade, aproveitando a excelencia científica e investigadora do seu persoal.

EDIUS NOVAS

Guía explicativa sobre como xestionar os datos dunha investigación

Consulta [a guía](#) editada pola Biblioteca da USC.

A Biblioteca da USC ten publicada na súa web unha [guía explicativa](#) sobre todos os aspectos relacionados cos datos de investigación e a súa xestión, desde a creación, procesamento e análise, ata a preservación e difusión, conforme aos requisitos vixentes a nivel europeo e nacional. Nesta guía atópase toda a información sobre o proceso de onde e cando depositar os datos. En liñas xerais, recoméndase que sexa o antes posible, e dentro dos prazos establecidos no Plan de Xestión de Datos.

TÁBOA DE CONTIDOS
1. Introdución
◦ Táboa de contidos
2. Que son os datos de investigación
◦ Os datos de investigación e a ciencia aberta
◦ Mandatos e requisitos legais
3. Principios FAIR
◦ Como se comparten e utilizan os datos de investigación
4. O Plan de Xestión de Datos
◦ Como se xestionan os datos de Investigación
◦ Como se define o Plan de Xestión de Datos
◦ Como se elabora o Plan de Xestión de Datos
◦ Como se procesan e organizan os ficheiros
◦ Como se preservan e almacenan os datos
5. Depósito
◦ Onde depositar os datos
◦ O depósito en Zenodo
6. Reutilización
◦ Licenzas a aplicar no depósito dos datos
7. Contacto

Os **datos de investigación** son aqueles rexistros relativos aos feitos (indicadores numéricos, rexistros textuais, imaxes e sons) usados como fontes primarias da investigación científica, que serven para validar os descubrimentos dunha investigación e son aceptados pola comunidade científica para poder refutar ou comprobar o novo coñecemento ([OCDE](#)).

Estes datos poden ser numéricos, descritivos ou visuais. Poden estar en estado bruto ou analizados. Pode tratarse de datos experimentais ou observacionais. Inclúen, polo tanto, cadernos de laboratorio, de campo, datos de investigación primaria, cuestionarios, cintas de audio, vídeos,

[↩ Ir ao sumario](#)

**Para calquera dúbida,
as persoas interesadas
dispoñen destes datos
de contacto:**

Colexio de Fonseca
Rúa do Franco, s/n
15782 Santiago de
Compostela
minerva@usc.es

desenvolvemento de modelos, fotografías, películas e as comprobacións e respostas dunha proba. Na información sobre a procedencia dos datos pódese incluír información sobre como, cando, onde se recolleron e con que instrumentos. O código software empregado para xerar, comentar ou analizar datos tamén pode ser considerado como dato.

Coñecemos como datos de investigación abertos aqueles que sustentan os resultados da investigación científica e non teñen restricións de acceso, o cal permite que calquera poida acceder a eles.

O conxunto de datos reunidos durante a execución dun proxecto de investigación coñécese como dataset.

Para poñer á disposición da comunidade científica os datos de investigación é preciso seguir unha serie de recomendacións: Escoller os datos a depositar, limpálos e procesalos en bruto.

- Crear unha copia mestra do *dataset* definitivo para asegurar a súa integridade.
- Decidir que datos estarán accesibles ao público. Para iso, hai que ter en conta o marco legal que afecta aos datos de investigación: propiedade intelectual, confidencialidade, privacidade e protección de datos de carácter persoal.
- Anonimizar os datos de carácter persoal. Existen ferramentas que permiten borrar os datos de información identificativa como nomes, data de nacemento, documento de identidade, etc. Máis información no documento [K-anonimidad como medida de la privacidad](#), da Axencia Española de Protección de Datos.
- Depositar os datos nun repositorio xunto á documentación necesaria para facilitar a súa reutilización. É necesario ter en conta a área temática do repositorio, a súa capacidade de almacenamento, a facilidade para a recuperación de datos, comprobar se asigna un identificador único e persistente para cada conxunto de datos e poder establecer, segundo conveña, un período de embargo e a licenza de uso que se quere outorgar.
- Achegar os metadatos precisos para a creación e recuperación do rexistro no repositorio.
- Se se publican os resultados da investigación nunha publicación científica, é necesario que se dea un DOI que vencelle os datos depositados no repositorio.

EDIUS **NOVAS**

Seis proxectos da USC obteñen axudas á investigación da Asociación Española Contra o Cancro na Coruña



Máis información [nesta ligazón](#).

A Asociación Española Contra o Cancro presentou as súas Axudas á Investigación AECC 2024 concedidas na provincia da Coruña. No acto, entregáronse os diplomas correspondentes a 12 axudas. Na edición de 2024, as axudas da asociación na Coruña suporán un investimento de máis de 2,25 millóns de euros, que contribuirá ao impulso da investigación oncolóxica na provincia.

O adxudicatario da Axuda a Proxectos Xerais AECC –300.000 euros– foi o doutor José Tubío, director do grupo Xenomas e Enfermidade do CiMUS. O seu proxecto, “Investigando como os xenos saltaríns poden axudar ao sistema inmunitario a combater o cancro”, céntrase en estudar como os cambios xenéticos provocados por estes xenos poden conducir á produción de novas moléculas que poden activar o sistema inmunolóxico.

Á doutora Marta Varela, directora do grupo Control da expresión xénica en enfermidades hepáticas do CiMUS, concedéuselle a Axuda LAB AECC –300.000 euros–. Con ela pretenden desenvolver un proxecto dirixido a identificar novas dianas moleculares que conduzan ao desenvolvemento de terapias fronte aos colanxiocarcinomas –tumores malignos biliare que poden xurdir no fígado– para diminuír a mortalidade asociada a este tumor.

A Axuda Proxectos Estratéxicos AECC –149.000 euros– adxudicouse á doutora Yolanda Prezado, profesora de investigación no CiMUS. O seu obxectivo é aumentar a eficacia dos tratamentos de protonterapia en pacientes pediátricos de meduloblastoma –o tumor sólido pediátrico máis frecuente– e reducir os efectos secundarios do tratamento a longo prazo.

A Asociación tamén lle concedeu unha axuda predoutoral –100.600 euros– a Beatriz Rodríguez Lemus, do CiMUS, que estudará a interacción entre proteínas celulares como abordaxe terapéutica fronte ao cancro de fígado.

[↩](#) Ir ao sumario

EDIUS **NOVAS**

New Heart, unha iniciativa pioneira para avanzar na atención cardiovascular entre Galicia e o norte de Portugal

O elevado envellecemento demográfico e a incidencia de enfermidades cardiovasculares en Galicia e Portugal supoñen un reto nos sistemas sanitarios de ambos territorios. Co fin de ofrecer unha solución, o IDIS acolleu esta mañá o acto de presentación do Proxecto New Heart “Mellora da saúde cardíaca na eurorexión”, unha iniciativa transfronteiriza pioneira en cardioloxía que ten por obxectivo optimizar o diagnóstico temperá de enfermidades cardiovasculares, mellorar a calidade de vida dos doentes e promover un enfoque preventivo que reduza os riscos asociados a estas patoloxías. O proxecto está coordinado polo Servizo de Cardiología de Santiago e financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027.

Trátase dun proxecto de colaboración transfronteiriza deseñado para transformar a atención cardiovascular na eurorexión Galicia-Norte de Portugal. “É un claro exemplo de como a cooperación e a tecnoloxía poden mellorar a calidade de vida, demostrando que a prevención e a medicina personalizada son o futuro da atención sanitaria nestes dous territorios”, afirma José Ramón González Juanatey, investigador do IDIS e xefe do Servizo de Cardiología do CHUS que coordina o proxecto desde Santiago. “Buscamos mellorar o acceso ao diagnóstico e tratamento desde a atención primaria, facilitando a detección temperá de patoloxías cardíacas, con protocolos comúns e personalizados na eurorexión, asegurando unha atención equitativa e baseada en evidencia científica”, explicou o doutor Juanatey.

Máis información [nesta ligazón.](#)



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

A profesora María Loureiro, distinguida como «unha das científicas máis influentes do mundo»



O pleno da Unidade da Muller e da Ciencia decidiu por unanimidade premiar a profesora e investigadora da USC polo seu labor na investigación, “o que a converte nunha das científicas máis influentes do mundo”

A catedrática de Fundamentos de Análise Económica da Universidade de Santiago de Compostela, María Loureiro, foi recoñecida co Premio María Josefa Wonenburger Planells polo seu labor na investigación científica. O galardón premia o seu labor investigador no campo da economía ambiental e dos recursos naturais -o seu ámbito de especialización- que tivo como resultado traballos destacados, entre os que figura por exemplo o estudo sobre a avaliación económica dos danos ambientais do Prestige, que foi empregado pola propia Fiscalía no proceso de reclamación de danos. Nestes momentos, lidera un proxecto sobre as narrativas da economía do cambio climático.

Na súa decisión unánime, a Unidade da Muller e da Ciencia destacou tamén a pertenza de María Loureiro á Real Academia Galega das Ciencias desde o ano 2022, sendo a primeira muller académica numeraria da Sección de Ciencias Económicas e Sociais.

A profesora da USC é ademais a responsable do grupo de investigación ECO-IURIS de análise xurídico-económica e a directora científica de Centro de Investigación Interuniversitario **ECOBAS**, integrado por investigadores e investigadoras das tres universidades galegas no eido das ciencias sociais.

O **Premio María Josefa Wonenburger Planells** outórgase anualmente desde o ano 2007 e leva o nome da investigadora matemática galega, pioneira e referente internacional no ámbito das ciencias e que, ademais, foi unha investigadora adiantada aos seus tempos.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Azucena Mora, galardón á mellor iniciativa de investigación do Plan Nacional de Resistencia aos Antibióticos

A catedrática da USC Azucena Mora recolleu o pasado 18 de novembro o premio á mellor iniciativa de investigación no marco dos galardóns que outorga o Plan Nacional de Resistencia aos Antibióticos (**PRAN**), coordinado pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (**AEMPS**). A Xornada anual polo Día Europeo para o Uso Prudente dos Antibióticos serviu para conmemorar os dez anos de loita do PRAN contra este problema de saúde.

O traballo liderado pola profesora Mora céntrase nas bacterias multirresistentes e en como se moven nas tres interfaces da saúde (humana, animal e medioambiental), co obxectivo de poñerlles freo. Este premio nacional apuntala o que xa é unha liña de traballo consolidada no Campus Terra da USC: o enfoque *One Health* para achegar solucións fronte a esta “prioridade mundial”, en palabras da profesora Mora. “A resistencia aos antimicrobianos supón unha ameaza cada vez maior para a saúde pública mundial e require medidas por parte de todos os sectores do goberno e a sociedade”, engade.

O proxecto premiado involucra a especialistas en diagnóstico clínico humano e veterinario, seguridade alimentaria, fauna silvestre, microbioloxía convencional, tecnoloxías ómicas e métodos alternativos aos antibióticos. Este consorcio conta coa colaboración do Hospital Universitario Central de Asturias (HUCA), o Centro de Investigación Biomédica da Rioxa (CIBIR), o Laboratorio de Sanidade Animal de Galicia (LASAPAGA), o Instituto Federal de Avaliación de Riscos (BfR) de Berlín, a Universidade de Copenhage, ou o Centro de Enxeñería Biolóxica da Universidade de Minho, entre outros, cuxa infraestrutura permite unha investigación integral da resistencia.


[Máis información](#)



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

O científico Álvaro Goyanes, entre os investigadores máis citados do mundo



Álvaro Goyanes
Goyanes

O profesor da Facultade de Farmacia Álvaro Goyanes é o único investigador da USC recollido no **Highly Cited Researchers 2024**. A máis recente listaxe que elabora anualmente o grupo Web of Science reconece o persoal investigador que demostrou un influxo significativo a través da publicación de múltiples artigos, altamente citados, na última década. A listaxe deste ano rexistra máis de 6.500 persoas de 59 países ou rexións. Na análise de 2024 do Highly Cited Researchers, os artigos tomados en consideración foron os publicados e citados entre 2013 e 2023 e que lograron situarse no 1% dos máis citados dentro do seu eido.

Álvaro Goyanes traballa no ámbito da impresión 3D de medicamentos con doses personalizadas e é co-fundador e anterior CEO da *start up* FABRX, a primeira compañía dedicada á impresión 3D de medicamentos personalizados. Tamén é co-fundador de FABRX Artificial Intelligence, empresa galega dedicada ao uso da intelixencia artificial no desenvolvemento de medicamentos.

Publicou máis de 90 artigos e é un recoñecido experto mundial neste tipo de impresión con máis de 200 comunicacións en conferencias internacionais. Alén de impartir clase na USC, Goyanes é profesor honorario na School of Pharmacy da University College London no Reino Unido.

EDIUS ENTREVISTA

«Gustaríame converter a Universidade en referente mundial e líder na impresión 3D de medicamentos»

Seis anos sendo un dos investigadores máis influentes do mundo. Que supón este recoñecemento?

É un recoñecemento á gran labor de investigación que facemos no noso grupo. Éncheme de orgullo que investigadores e investigadoras de todo o mundo lean os nosos traballos e os citen porque consideran que son novos e de calidade. Estar seis anos neste grupo é algo no que nunca pensei.

↩ Ir ao sumario

«É parte dun proceso de transformación á saúde dixital do futuro»

Por que cre que espertan tanto interese as súas investigacións?

Eu dedícome á impresión 3D de medicamentos. O tema en si xa é novidoso. A impresión 3D é unha revolución industrial. A nosa investigación é multidisciplinar, co uso de ferramentas de intelixencia artificial e aplicacións clínicas reais. Eu sempre me centrei en crear un impacto coa nosa investigación, en achegarnos aos doentes e estar en contacto coa aplicación clínica e industrial.

Seguro que hai algunha persoa á que lle agradece o apoio recibido neste percorrido.

Desde logo, isto non sería posible sen os meus mestres e mestras. O meu director de tese, o profesor Ramon Martínez Pacheco, xa jubilado, pero co que sigo en contacto. O profesor Abdul Basit, da University College London, que me mostrou a visión clínica e empresarial da ciencia. A profesora Carmen Álvarez e o profesor Ángel Concheiro, da USC, que me axudaron e me apoian para que poida desenvolver a miña investigación na USC. E, en xeral, a un gran grupo de persoas incluíndo a estudantes de doutoramento.

Como valora o potencial investigador da USC?

A USC ten a potencia, hai xente moi boa, pero, desafortunadamente, falta o acto. As medidas que se toman na universidade non contribúen a que esta sexa unha das mellores universidades do mundo en investigación. A gran maioría das decisións van no sentido contrario. Non me imaxino que a situación mellore nos próximos anos para a USC ou para calquera universidade galega. Hai seis anos había seis investigadores altamente citados en Galicia. Este ano só quedan dous.

Medicamentos con doses personalizadas empregando impresoras 3D. Isto xa é unha realidade na nosa sanidade?

É algo que se está implantando. No hospital de Santiago realizáronse os primeiros estudos clínicos con doentes de todo o mundo, pero aínda non é unha práctica habitual. É parte dun proceso de transformación á saúde dixital do futuro.

Como investigador, un soño a curto prazo...

Gustaríame converter a USC en referente mundial e líder na impresión 3D de medicamentos. Creo que é algo factible.

EDIUS NOVAS

Emprende Circular Azul e Verde - Identificar oportunidades de negocio



A USC lanza o Concurso de oportunidades de negocio 'Emprende Circular Azul e Verde' coa finalidade de identificar ideas e proxectos que impulsen a circularidade na economía azul e verde. A finalidade desta convocatoria é identificar 16 oportunidades de negocio que destaquen polo seu enfoque circular nas economía azul e verde, de entre as cales serán premiadas as 8 mellores coa posibilidade, entre outros galardóns de poder desenvolver un vídeo profesional que permita a divulgación das súas iniciativas. Todos os galardóns, así coma as condicións e forma de participación nesta convocatoria, atópanse nas [bases de participación](#).

Emprende Circular Azul e Verde está dirixido a calquera persoa ou entidade que queira presentar unha idea ou proxecto que incentive a circularidade da economía verde e azul. En concreto, empresas con novas liñas de negocio innovadoras, stratups, persoas autónomas, estudantes, mozos e mozas...

As inscricións pódense realizar de forma individual ou en grupo ata o 18 de decembro a través deste [formulario habilitado](#).

As persoas participantes que precisasen apoio poden contactar coa organización no correo usc@es-factory.eu.

[↩](#) Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

Webinarios sobre os Partenariados Europeos

Os partenariados europeos constitúen unha oportunidade de financiamento dentro de Horizonte Europa, pero contan cunha estrutura de participación máis complexa

A USC colabora coa FEUGA (Fundación Empresa Universidade Galega) na organización dunha serie de Webinarios sobre os Partenariados Europeos destinados a investigadores/as e xestores/as de grupos e centros de investigación. Os partenariados europeos constitúen unha oportunidade de financiamento dentro de Horizonte Europa, pero contan cunha estrutura de participación máis complexa.

A organización dos webinarios, coa participación dos investigadores/as e xestores/as nestas actividades, agarda poder definir futuras accións de apoio á participación da universidade nos partenariados.

En total, serán 7 sesións que se desenvolverán de xeito online e dunha hora de duración. Os webinarios comezaron a celebrarse o pasado 15 de novembro e rematarán o día 15 deste mes de decembro. A asistencia a estas formacións é gratuíta, pero é necesaria formalizar a inscrición a través [desta ligazón](#).


Ao longo do pasado mes de novembro desenvolvéronse tres das sete formacións: “Introdución aos Partenariados europeos: Visión xeral dos tipos de partenariados e os seus beneficios de colaboración”, “Cluster de Saúde: Innovación e Financiamento para o Sector Saúde (Pillar II, Cluster 1)”, “Industria dixital e cultura creativa: Impulsando a transformación industrial e cultural (Pillar II, Clusters 2 y 4).

Estes son os títulos dos webinarios proxectados para este mes de decembro:

- **Sostenibilidade e Mobilidade Verde: Proxectos en Clima, Enerxía e Mobilidade** (Pillar II, Cluster 5). 10 de decembro. 10:00 AM.
- **Agricultura e Recursos Naturais: Iniciativas para unha Bioeconomía Sostible** (Pillar II, Cluster 6). 10 de decembro. 12:00 PM.
- **Innovación e Ecosistemas Europeos: Novas Oportunidades** co EIT e o Pilar III. 11 de decembro. 10:00 AM.
- **Novos Partenariados en Horizonte Europa: Explorando as Oportunidades en Negociación para 2025**. 11 de decembro. 12:00 PM.

Os investigadores/as e xestores/as que se rexistren, poderán acceder ás gravacións dos webinarios, no caso de non poder asistir en directo. Máis información en partenariados.eu e nubeusc.sharepoint.com.

 [Ir ao sumario](#)



Formación

Actividades

Decembro 2024

Deep Technologies nos eidos da saúde e a lonxevidade

Presencial 3 e 10 de decembro | Online 17 de decembro.

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 14 ao 29 de novembro de 2024

Horario: de 16:00h a 20:00h

Introdución ao manexo de imaxes espaciais e sensores remotos e a súa aplicabilidade ambiental

9 ao 13 de decembro de 2024

Actividade ONLINE

Matriculación: do 25 de novembro ao 2 de decembro de 2024

Horario: de 15:00h a 18:00h

A elaboración e xestión do Plan de Investigación no eido da Economía e da Administración de Empresas

9 de decembro ao 31 de xaneiro

Semipresencial Teams e Santiago de Compostela

Matriculación: do 26 de novembro ao 3 de decembro de 2024

Horario: o curso consistirá nunha primeira parte que se impartirá de forma telemática e asíncrona, con titorías de forma síncrona; e unha segunda parte que consistirá na exposición oral dos plans de investigación, nunha data e horario que se establecerá en base ao alumnado matriculado e no que recibirán información para a súa mellor por parte do profesorado.

EDIUS NOVAS

Catro investigadoras da universidade compostelá, entre as galardoadas pola Real Academia Galega de Ciencias



A **Real Academia Galega de Ciencias** (RAGC) e a **Universidade Intercontinental da Empresa** (UIE) acaba de anunciar os galardoados na primeira edición dos **Premios RAGC-UIE** para investigadoras e investigadores novos. Entre todos os galardoados con este premio, encóntranse catro investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Este galardón, que nace co obxectivo de **impulsar a investigación científica en Galicia**, potenciando as traxectorias de investigadores/as novos que estean desenvolvendo a súa carreira en centros situados na comunidade galega, reconece as carreiras en **tres ramas de coñecemento**: Ciencias Básicas, Ciencias Sociais e Ciencias Técnicas.

En **Ciencias Básicas**, a galardoada é **Beatriz Pelaz**, profesora da USC

e investigadora do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS). Adxudicáronse **dous accésits** nesta categoría. Un deles para a compostelá **Susana Ladra**, da Universidade da Coruña, e outro para **Iria Gómez**, profesora da Universidade de Santiago de Compostela e directora do grupo de investigación “Xenomias e Inmunidade” no Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas -CiMUS.

En **Ciencias Técnicas** a galardoada foi a enxeñeira **Belén Riveiro**, profesora na Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo. Finalmente, en **Ciencias Sociais** a galardoada foi **Cristina Gómez**, profesora de Psicoloxía da USC. O **último accésit** foi para **Ariadna Monje**, profesora da Universidade da Coruña.

Que supón este recoñecemento para a vosa carreira investigadora?

Desde Galicia para o mundo. Son desde aquí maiores as dificultades?

Un soño como investigadoras...

[↩ Ir ao sumario](#)

**Que supón este
recoñecemento para a vosa
carreira investigadora?**

**Desde Galicia para o mundo.
Son desde aquí maiores
as dificultades?**

**Un soño como
investigadoras...**



**SARA
GONZÁLEZ GARCÍA**

1. Un impulso para seguir traballando por unha ciencia de excelencia na que non exista unha fenda de xénero e poidamos concienciar á sociedade sobre a falta de igualdade nalgunhas áreas científicas, como é o caso das ciencias técnicas. O feito de que todas as premiadas formos mulleres tanto en ciencias técnicas, básicas e sociais é un indicativo de que as mulleres podemos chegar a "ocupar" o rol que desexemos independentemente da área científica na que nos situemos. Volvendo á área que me compete, as mulleres seguimos sendo minoría e con este recoñecemento pode darse visibilidade á labor realizada en todos estes anos por unha muller, enxeñeira, científica e nai. Tamén me gustaría destacar que, a nivel persoal, supón para min un "premio" ao esforzo e á dedicación de todos estes anos, posto que a investigación é como unha carreira de fondo que require de curiosidade, constancia, disciplina e, ás veces, cando tes familia, é difícil encontrar ese equilibrio entre a vida profesional e familiar.
2. A carreira investigadora é difícil e require de esforzo humano, pero tamén se necesita dispoñer de medios materiais e económicos. Considero que se necesita investir máis en investigación non só a nivel Galicia, senón tamén estatal. As opcións de contratos para investigación tanto a nivel predoutoral como postdoutoral son poucas e, se queremos dispoñer de científicos e científicas referentes, necesitamos investir niso. Neste sentido, considero que Galicia debería investir moito máis. Na carreira científica parece que todo se mide con indicadores (índice h, factor de impacto, índice de impacto social, ranking da Universidade de Stanford,...) e algúns deles son empregados polos organismos de financiación na toma de decisións sobre a asignación de recursos. Neste sentido, son moitos os científicos/as galegos que destacan nestes índices de produtividade científica e axudan a posicionar a Galicia no mapa científico mundial demostrando que se pode desenvolver unha investigación de excelencia a nivel internacional.
3. Gustaríame que a miña actividade investigadora me permita seguir traballando feliz no que me gusta, poder servir de exemplo a nenas para que se decanten (se lles gusta) por carreiras técnicas dado que non temos moitos referentes femininos e que o traballo que realizo contribúa ao desenvolvemento da nosa sociedade cara á sostenibilidade, reducindo desigualdades, garantindo o progreso económico e ambiental e unha educación de calidade para todas as persoas.

Que supón este recoñecemento para a vosa carreira investigadora?

Desde Galicia para o mundo. Son desde aquí maiores as dificultades?

Un soño como investigadoras...



**BEATRIZ
PELAZ**

1. Este premio supón para min o recoñecemento a unha traxectoria e, en particular, ao traballo feito nos últimos anos no grupo Bionanotools do CiQUS da USC.
2. A promoción da ciencia como unha saída laboral e a mellora das condicións laborais dos científicos/as son aínda temas pendentes non só en Galicia, senón en España. Espero que sigamos apostando como rexión e como país en apoiar o talento investigador. Xa sabemos que, "sen ciencia, non hai futuro".
3. No meu caso, gustaríame que a investigación que levamos a cabo para desenvolver novos materiais e entender como estes funcionan a nivel biolóxico poida contribuír a mellorar de maneira tanxible a calidade de vida das persoas nun futuro (cercano ou lonxano).



**IRIA
GÓMEZ TOURIÑO**

1. Supón un recoñecemento ao esforzo que supón comezar, e manter, unha carreira investigadora. O camiño da ciencia non é un camiño sinxelo, pero é moi gratificante, polo que, que se recoñezan os logros alcanzados, aporta un pulo de forza e enerxía para seguir cara adiante.
2. En termos xerais, non, non hai máis dificultades. É certo que noutros lugares podes ter acceso a outros equipos, ou a un maior número de colaboradores/as cercanos, pero neste mundo globalizado é posible manter un moi bo nivel de ciencia sen ter que estar necesariamente ubicada nunha gran cidade ou nun centro de maior tamaño. Só hai que ter un maior grao de creatividade e de colaboración.
3. No meu caso, que o que investigamos chegue aos doentes, e que a carreira investigadora sexa máis estable, para poder manter todo o talento que temos en Galicia, e atraer talento de fóra que nos complementa.

Que supón este recoñecemento para a vosa carreira investigadora?

Desde Galicia para o mundo. Son desde aquí maiores as dificultades?

Un soño como investigadoras...



**CRISTINA
GÓMEZ ROMÁN**

1. Recibir este premio é unha honra, non só polo recoñecemento, senón porque sinto que simboliza os froitos dunha semente que plantei con esforzo e paciencia. Pero non quero olvidar que este logro non é só meu, é o reflexo do apoio de moitas persoas e das oportunidades que recibín ao longo do camiño. Este premio vén a reafirmar unha maneira de facer o traballo que realizo. Non só pola súa relevancia científica, senón tamén pola súa conexión coa sociedade. Supón un impulso para continuar investigando con ilusión, demostrando que é posible combinar excelencia académica e transferencia á sociedade.
2. Penso que ás veces temos complexo de inferioridade, e que non é de todo obxectivo. Temos excelentes profesionais en Galicia. Persoas preparadas, traballadoras e competentes. É certo que en comparación con outros lugares do mundo, os recursos son moi limitados para a investigación, pero estas dificultades tamén nos ensinan a ser máis creativas e a buscar alianzas que amplíen o impacto do noso traballo no contexto global. Pola miña experiencia, noutras universidades europeas admiran moito a nosa capacidade de traballo e resiliencia. Penso que podemos sentirnos moi orgullosos e orgullosas dos recursos humanos que temos e este premio vén a poñer en valor esa excelencia.
3. Contribuír a construír un futuro máis sostible e inclusivo. Sería fantástico que as nosas investigacións non só ampliasen o coñecemento, senón que tamén axudasen a impulsar cambios concretos na sociedade. Eu quixera que as estudantes que me escoitan en clase, o meu fillo, os meus sobriños, as xeracións que teñen que tomar o relevo vexan que as cousas non se obteñen sen esforzo. Que hai que traballar cada día tratando de dar a nosa mellor versión e que ao final vivimos en rede. Que estamos interconectados e que as decisións que tomamos, o traballo que facemos ten consecuencias sobre os demais. Decía Jane Goodall "O que fas marca a diferenza, e tes que decidir que tipo de diferenza queres facer." Para min este premio é un recoñecemento a unha forma de facer, baseada no traballo e na constancia.



Teses

Novembro 2024

La acción de regreso en el sistema de responsabilidad patrimonial de las Administraciones públicas (Análisis jurisprudencial y comparado)

OLGER HERNAN QUIZHPE CASTRO

Director/es: Luis Míguez Macho

PD: Dereito

Data: 4/11/2024 - Semipresencial

Implementación de técnicas de imagen y biomarcadores proteómicos en la caracterización preclínica de patologías oftálmicas y neurodegenerativas

ANDREA CUARTERO MARTÍNEZ

Director/es: Francisco Javier Otero Espinar, Anxo Fernández Ferreiro, Marcos Ortega Hortas

PD: Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos

Data: 6/11/2024 - Presencial

Resumo:

En esta investigación se analiza la acción de regreso en el sistema de responsabilidad patrimonial de las Administraciones públicas. Se realizó un estudio jurisprudencial y comparado de la acción de regreso en España y Ecuador. Los resultados obtenidos muestran el desbalance que existe entre las recurrentes reclamaciones de responsabilidad patrimonial y el casi nulo ejercicio de la acción de regreso; un sistema normativo que blindada al funcionario público; la desconexión entre la acción de regreso y la responsabilidad patrimonial; y la necesidad de implementar reformas legales que reconfiguren adecuadamente el marco normativo de la acción de regreso.

Resumo:

La enfermedad de Alzheimer, EA, y la uveítis son ejemplos donde la falta de tratamientos efectivos destaca la necesidad de investigación en biomedicina. Herramientas como la tomografía de coherencia óptica, OCT, la tomografía por emisión de positrones, PET, o la proteómica pueden ser útiles para hallar biomarcadores que faciliten el diagnóstico y desarrollo de terapias personalizadas. El objetivo del actual de la tesis se centra en caracterizar modelos animales con afectación ocular mediante sistemas de imágenes no invasivas como es la OCT y el PET, y buscar biomarcadores moleculares específicos mediante el uso de la proteómica.

[↩ Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en novembro

Amidas de hexosas y del ácido (-)-shikímico: síntesis y estudio de sus propiedades de inhibición de la recristalización del hielo, gelificación e inhibición de neuraminidasas

PABLO LÓPEZ CARRACEDO

Director/es: Juan Carlos Estevez Cabanas, Ramón José Estevez Cabanas

PD: Ciencia e Tecnoloxía Química

Data: 8/11/2024 - Presencial

Síntesis, caracterización y propiedades de tiazolidinonas funcionalizadas y de sus complejos con metales del bloque d

MANUEL SAA IGLESIAS

Director/es: María Isabel García Santos, María Matilde Fondo Busto

PD: Ciencia e Tecnoloxía Química

Data: 8/11/2024 - Presencial

Essays on the elasticity of substitution between capital and labour and biased technological change

FRANCISCO PEDRO OLIVEIRA MONTEIRO REBELO

Director/es: Fernando del Rio Iglesias

PD: Análise Económica e Estratexia Empresarial

Data: 8/11/2024 - Semipresencial

Resumo:

Esta tesis doctoral abarca las posibilidades que ofrecen las amidas polihidroxiladas derivadas de hexosas y del ácido (-)-shikímico como agentes gelificantes e inhibidores de la recristalización del hielo, así como las amidas derivadas del oseltamivir como posibles inhibidores de la neuraminidasa.

Resumo:

El objetivo general de este trabajo es doble: por una parte, contribuir al conocimiento de la química de coordinación de las tiazolidinonas frente a metales del bloque d, y por otra, estudiar la actividad biológica de algunos de los compuestos con paladio, platino, o cobre, centrada en la capacidad citostática, actividad nucleasa y/o interacción con el ADN. Asimismo, en esta tesis se ha estudiado la actividad citostática de los ligandos y sus complejos de paladio y platino, revelando la necesidad de mejorar la solubilidad de dichos complejos en cultivos celulares. También se ha evaluado la capacidad de los compuestos de cobre como nucleasa y su interacción con el ADN.

Resumo:

Over the decades, economists have consequently devoted considerable attention to estimating the elasticity of substitution between capital and labour. However, to the best of our knowledge, a comprehensive and up-to-date review of the importance of this variable for macroeconomic theories is currently unavailable. In this study we examine the importance of capital-labour substitution for a wide range of macroeconomic issues, including production and functional income distribution, taxation and misallocation, labour, growth, and equilibrium indeterminacy and complex dynamics.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en novembro

Controlling the Penguin Pollution in the CKM Angle alpha with Axial B Decays at LHCb

PABLO BALADRÓN RODRÍGUEZ

Director/es: Diego Martinez Santos, Jeremy Peter Dalseno

PD: Física Nuclear e de Partículas

Data: 8/11/2024 - Semipresencial

Engineering core-shell plasmonic nanomofs: synthetic methodologies and applications

JUAN MANUEL CEBALLOS GUZMÁN

Director/es: Pablo Alfonso Del Pino Gonzalez De La Higuera

PD: Ciencia de Materiais

Data: 8/11/2024 - Presencial

Intelixencia artificial, innovación e novas tecnoloxías en medios de comunicación públicos e privados

CÉSAR FIEIRAS CEIDE

Director/es: José Miguel Tüñez López

PD: Comunicación e Información Contemporánea

Data: 8/11/2024 - Presencial

 [Ir ao sumario](#)

Resumo:

Nesta tese preséntase unha medida da frecuencia de decaemento do mesón B cargado a catro corpos dentro dunha rexión do espazo fásico sen quarks c. Ésta rexión defínese de tal xeito que permite estudar resonancias axiais, as cales decaen en tres partículas do estado final. Analízase todo o conxunto de datos de LHCb dispoñible, correspondente a unha luminosidade integrada de 9 fentobarns inversos. Introdúcese un enfoque novo para estimar as eficiencias, empregando unha simulación de espazo fásico plano nun método baseado en datos para extraer as amplitudes do sinal.

Resumo:

This thesis focuses on the development of new synthetic strategies for core-shell plasmonic-nanoMOF systems. The research investigates the factors that influence the synthesis of plasmonic nanoparticles and their role as seeds in the nucleation process of the metal-organic framework (MOF) shell. These nanocomposites are designed to facilitate light-triggered release from within the MOF's porous structure into the surrounding medium, driven by the thermodiffusion effect. The efficiency of this release is directly influenced by the thickness of the MOF shell and the shape of the plasmonic core.

Resumo:

Os resultados esta tesis demostran que a adopción da intelixencia artificial nos medios públicos pódese dividir en catro áreas principais: produción (automatización de noticias, produción automatizada, xestión de metadatos); xestión de contidos (arquivo e recomendacións); verificación; e expansión de servizos (tradución automática de contidos, subtítulo automático para persoas con discapacidade auditiva). En canto aos principais xornais de España, estes atópanse nunha fase inicial de exploración do valor e a utilidade da intelixencia artificial, centrando principalmente na automatización de tarefas cotiás. Agás algunhas excepcións, actualmente descartan o uso de IA xerativa, a pesar da existencia de sistemas avanzados capaces de xerar linguaxe natural para a creación de noticias.

Teses defendidas en novembro

Estudio del mecanismo de acción de micotoxinas reguladas y emergentes

NADIA GABRIELA PÉREZ FUENTES

Director/es: Luis Miguel Botana Lopez, Rebeca Alvariño Romero

PD: Medicina e Sanidade Veterinaria

Data: 8/11/2024 - Presencial

Resumo:

La contaminación de cereales y productos derivados por micotoxinas es un problema global y representa un riesgo para la salud. Estos compuestos pueden provocar daños a humanos y animales tanto mediante ingestión como por inhalación, siendo la primera la principal vía de exposición. Aunque la presencia de ciertas micotoxinas está regulada, la mayoría no se analiza de forma rutinaria debido a la falta de requisitos legales. Los resultados de la presente tesis doctoral sugieren que la co-ocurrencia de micotoxinas emergentes y reguladas en matrices naturales puede representar un riesgo para la salud y describe por primera vez el efecto de las ENNs sobre los flujos de Ca²⁺, descartando que actúen como ionóforos de este ion.

Aplicación de estrategias terapéuticas en la psicosis incipiente: análisis de casos

AARÓN ARGUDO PALACIOS

Director/es: Estrella Romero Triñanes, Xosé Antón Gomez Fraguela

PD: Neurociencia e Psicoloxía Clínica

Data: 11/11/2024 - Semipresencial

Resumo:

La investigación traza un recorrido histórico desde los primeros conceptos de demencia precoz por Augustin Morel, seguido por Emil Kraepelin y Paul Eugen Bleuler, quienes refinaron y expandieron el concepto, introduciendo clasificaciones clínicas y el término esquizofrenia. Desde este marco histórico se inicia la comprensión de los trastornos psicóticos como graves afectaciones en diversas áreas de la vida del individuo. La investigación subraya la relevancia de implementar intervenciones tempranas y personalizadas en el tratamiento de la psicosis incipiente, las cuales puedan mejorar la recuperación funcional y la calidad de vida de los jóvenes afectados.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en novembro

Identificación y caracterización de los mecanismos de señalización molecular de las vesículas extracelulares en leche humana y su relación con la prematuridad: ESTUDIO EXOMILK

ROSAURA PICÁNS LEIS

Director/es: María de la Luz Couce Pico

PD: Investigación Clínica en Medicina

Data: 11/11/2024 - Presencial

Propiedades energéticas de pellets torrefactos de pino y de mezclas de pino con eucalipto

ANDRÉS IGLESIAS CANABAL

Director/es: José Antonio Rodríguez Añón, Roque Rodríguez Soalleiro

PD: Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética

Data: 13/11/2024 - Presencial

Novos enfoques para a procura directa de Física Alén do Modelo Estándar cos experimentos Codex-b e LHCb

SAÚL LÓPEZ SOLIÑO

Director/es: Xabier Cid Vidal, Carlos Vazquez Sierra

PD: Física Nuclear e de Partículas

Data: 15/11/2024 - Presencial

[↩ Ir ao sumario](#)

Resumo:

La leche materna (LM) exclusiva es el alimento de elección durante los primeros 6 meses de vida. Independientemente de su importancia desde el punto de vista nutricional, son muchos otros los factores que hacen de la misma una potencial llave metabólica. Se trata por tanto de un vehículo dinámico de comunicación entre la madre y el recién nacido, con capacidad de adaptación a los requerimientos individuales de cada neonato. La LM juega, por tanto, un papel determinante en la programación temprana del recién nacido. Este es el primer estudio que muestra una caracterización funcional completa de las VEs de LM (proteoma, miARN), desenmascarando los mecanismos moleculares relacionados con la señalización de las mismas y su papel funcional en relación con la prematuridad. Estos hallazgos podrían estar jugando un papel importante en la nutrición personalizada, que es esencial en el manejo global del recién nacido prematuro y en su pronóstico a corto, medio y largo plazo.

Resumo:

La producción de pellets A1+ en Galicia se basa exclusivamente en la utilización de puntal de pino descortezado como materia prima. Los pellets resultantes poseen excelentes propiedades energéticas, incluyendo un alto poder calorífico y bajo contenido de humedad y cenizas. Ante las incertidumbres de la sobre la futura disponibilidad de pino a precios razonables, se ha estudiado en esta tesis el empleo de *Pinus radiata* y de mezclas de pino y eucalipto (en concreto *Eucalyptus nitens*) para producir dos tipos de biocombustibles: astilla y pellet, bien en crudo o con tratamiento térmico de torrefacción.

Resumo:

O Modelo Estándar (SM) probou ser unha ferramenta moi útil para a física de partículas, pero tamén incompleta, presentando diferentes problemas: non explica a Materia Escura (DM), non encaixa a Gravidade, non demostra a Barióxénese... Por outro lado, nos 10 anos que o LHC leva funcionando, non se ten observado ningún fenómeno que escape ao SM. Un dos motivos de que isto suceda podería ser que non estamos a buscar axeitadamente nos detectores actuais ou ben, directamente, que estes non están deseñados para observar partículas novas. Esta tese estuda esas dúas vías.

Teses defendidas en novembro

Efecto de la aplicación vía foliar de dióxido de silicio (SiO₂) sobre la incidencia y severidad de la Roya (Hemileia vastatrix Berk. & Broome) en el cultivo de café (Coffea arabica L.)

HENRY RIVERA CARRILLO

Director/es: Cristina Cabaleiro Sobrino

PD: Ciencias Agrícolas e Medioambientais

Data: 19/11/2024 - Virtual

Representación de las mujeres y la amistad femenina en series originales de Netflix. Un análisis de contenido narrativo de Desenfrenadas, Sweet Magnolias y Valeria

PAULINA CANO VILA

Director/es: Fermín Galindo Arranz, Marta Perez Pereiro

PD: Comunicación e Información Contemporánea

Data: 20/11/2024 - Presencial

Mass spectrometry coupled to chromatographic techniques and direct sample injection. Toxicological and environmental applications

MIGUEL COBO GOLPE

Director/es: Isaac Rodriguez Pereiro, María Ramil Criado

PD: Ciencia e Tecnoloxía Química

Data: 21/11/2024 - Presencial

[↩ Ir ao sumario](#)

Resumo:

La roya (*Hemileia vastratrix*) es el hongo fitopatógeno clave en el cultivo de café; únicamente se ha logrado un buen control con aplicaciones de triazoles (epoxiconazole) ante los cuales ya ha generado resistencia. En la búsqueda de alternativas sostenibles de protección frente a la roya, el objetivo principal de esta investigación (2019-2021) fue estudiar si las aplicaciones vía foliar de dióxido de silicio (SiO₂) ejercen un efecto protector frente a la roya. Los ensayos se hicieron en Santa Rosa (Guatemala) en una parcela de café en cultivo tradicional de la variedad susceptible Catuaí, con 3.500 plantas·ha⁻¹.

Resumo:

A investigación utiliza ferramentas teóricas feministas para desentrañar as complexidades destas representacións, tendo en conta como as series de Netflix contribúen ao discurso contemporáneo sobre xénero e sororidade. Os resultados deste estudo ofrecen novas perspectivas sobre como as narrativas televisivas contemporáneas, en plataformas como Netflix, están a responder e contribuír á transformación das percepcións culturais e sociais sobre o papel da muller e a importancia das relacións entre as mulleres na época post#MeToo.

Resumo:

This Thesis addresses the development of mass spectrometry applications, using complementary analytical platforms, for target and non-target analysis of different kinds of compounds. Application of the developed methods has contributed to the comprehensive characterization of volatile compounds in complex samples, such as indoor air and e-liquids; the identification of the degradation routes of tramadol, under oxidative treatments; and the quantification of several groups of concerning chemicals in sludge, wastewater and end-of-life plastic wastes. Results were reflected in eight publications in international scientific journals.

Teses defendidas en novembro

Validez del BNT10 para el cribado de Demencia con población de bajo nivel educativo en la práctica clínica geriátrica habitual

MARTA TORRENTE CARBALLIDO

Director/es: Raimundo Mateos Alvarez, Consuelo Nebreda Vicario

PD: Neurociencia e Psicoloxía Clínica

Data: 22/11/2024 - Semipresencial

Resumo:

Las escalas de cribado de deterioro cognitivo son una herramienta muy utilizada en la práctica clínica habitual, tanto en las consultas de atención primaria como especializada. Es necesario tener diferentes herramientas que nos permitan rastrear a los pacientes con el fin de hacer una mejor valoración. El Boston Naming Test (BNT) es una prueba de denominación que se ha utilizado con pacientes con demencia para valorar su capacidad de denominación por confrontación visual, está compuesta por 60 ítems por lo que se han realizado diversas versiones cortas. Una versión corta de 10 ítems (BNT10) se desarrolló en Galicia, en el ámbito de la atención primaria, pero es necesario comprobar su funcionamiento en población analfabeta, en un marco asistencial diferente y en una muestra suficientemente amplia.

Explainability in Process Mining: A Framework for Improved Decision-Making

LUCA NANNINI

Director/es: Senén Barro Ameneiro, Alejandro Catala Bolos

PD: Investigación en Tecnoloxías da Información

Data: 22/11/2024 - Presencial

Resumo:

This thesis explores the integration of Explainable Artificial Intelligence techniques into Process Mining to address challenges in understanding and adopting complex AI-driven process technologies. The research aims to bridge the gap between advanced Process Mining technologies and human understanding, focusing on making these systems more transparent, interpretable, and ethically aligned. The thesis concludes by outlining future research directions in the field of explainable process mining. These include developing multi-perspective and context-aware explanations, advancing causal inference and counterfactual explanations in Process Mining, creating natural language interfaces for Process Mining insights, exploring privacy-preserving explanation techniques, leveraging simulation for explanation validation, and establishing ethical Artificial Intelligence governance frameworks specific to Process Mining.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en novembro

Delivering the messenger: Engineering Nanoparticles for advanced mRNA therapies

LAURA TAINA GONZÁLEZ

Director/es: María Dolores Ramona Torres López, María de la Fuente Freire

PD: Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos

Data: 22/11/2024 - Presencial

Intervenção na leitura e escrita em adultos com incapacidade no sistema formativo português

ANA RAQUEL DA SILVA ALMEIDA

Director/es: Miguel Ángel Santos Rego, Paula Outon Oviedo, Miguel Augusto Meneses Da Silva Santos

PD: Educación

Data: 22/11/2024 - Presencial

Emprendemento cultural: creacion de empresas emerxentes dentro do sector cultural en Galicia entre o 2000 e o 2024

BERTA ÁLVAREZ-BUYLLA FALCES

Director/es: Juan Manuel Monterroso Montero

PD: Protección do Patrimonio Cultural

Data: 25/11/2024 - Presencial

 [Ir ao sumario](#)

Resumo:

The main objective of this thesis was to design and develop a technology, Sphingomyelin Nanoparticles, SNPs, which can effectively protect and deliver mRNA for biomedical applications, specifically inspired in a previously patented technology based on sphingomyelin SM and vitamin E VE, SNs. Upon composition-based screenings and detailed study of the physicochemical properties, in vitro and in vivo performance, results showed that size, composition and particle concentration dramatically impact formulation performance, with SM playing a vital role for improved potency.

Resumo:

Propomono-nos nesta investigación determinar e caracterizar as asociacións entre as prácticas formativas ao nivel das competencias de lectura e escrita e o desempeño dos formandos nestes dominios, através da conceção, aplicación e validación de un programa de avaliación de competencias de lectura e escrita designado Literacia Intencionalmente Avaliada e da implementación de un Protocolo de promoción destas competencias.. Os resultados obtidos através da implementación da ferramenta e dos protocolos de intervención revelan desempenhos fracos ao nivel da consciencia fonológica e competencias de lectura e escrita em pré-teste e ganhos significativos após implementación de una intervención baseada em medidas de avaliación prévia.

Resumo:

A investigación trata de dar resposta a seguinte pregunta: Existe un sector cultural viable en Galicia? A Unión Europea dedica aproximadamente un orzamento anual de mais de 300 millóns de euros á promoción e apoio das Industrias Culturais (European Commission, Directorate-General for Communications Networks, Content and Technology, 2023:69).Tendo en conta estes esforzos podemos falar dunha Industria Cultural en Galicia? E rendible e economicamente viable emprender neste sector? As conclusións e recomendacións derivadas deste estudo aspiran a servir de guía tanto os creadores culturais que buscan desenvolver os seus proxectos de forma sostible no mercado, como para as diferentes institucións que promoven a cultura en Galicia.

Teses defendidas en novembro

Analysis of agricultural and forestry innovation in the European Union Thematic Networks and the innovative use of sewage sludge in silvopastoral systems soil

DARÍO ARIAS MARTÍNEZ

Director/es: María Rosa Mosquera Losada, Antonio Rigueiro Rodríguez

PD: Investigación Agraria e Forestal

Data: 25/11/2024 - Semipresencial

Resumo:

The Horizon 2020 Thematic Networks make available to end users knowledge and good agricultural and forestry practices ready to be implemented and based on research. The study of this type of multi actor projects allows knowing which topics are dealt in greater numbers, allowing a greater exchange of knowledge between farmers, researchers and advisers in order to promote the use of more sustainable, effective and competitive practices. These systems are a good tool for carbon sequestration through the absorption of carbon dioxide found in the atmosphere and its fixation in the soil, constituting a key element for achieving the objectives set by the Kyoto protocol in 2005, helping to mitigate the effects of climate change.

Nuevas aproximaciones a la síntesis de iminoazúcares y ácidos piperídicos polihidroxilados: 2-(hidroximetil)piperidin-3,4,5-trioles, 2,2-bis(hidroximetil)piperidin-3,4,5-trioles, 2-(aminometil)piperidin-3,4,5-trioles y ácidos 3,4,5-trihidroxipiperidin-2-carboxílicos

ANDRÉS FERNÁNDEZ CASANOVA

Director/es: Juan Carlos Estevez Cabanas, Ramón José Estevez Cabanas

PD: Ciencia e Tecnoloxía Química

Data: 29/11/2024 - Presencial

Resumo:

Este proyecto de tesis de doctorado a realizar en el CIQUS (Centro Singular de Investigación en Química Biológica y Materiales Moleculares), dentro del Programa de Doctorado en Ciencia y Tecnología Química, se encuadrará en uno de perfiles investigadores de este Centro: el de Química Biológica.. Se trata de un proyecto de tesis sobre desarrollar una nueva estrategia de síntesis de iminoazúcares que permita simplificar su preparación y acceder de forma sencilla y eficiente a una diversidad amplia de híbridos de estos miméticos de azúcares con una diversidad amplia de compuestos.

 [Ir ao sumario](#)

Teses defendidas en novembro

Análisis del potencial educativo presencial y a distancia utilizando recursos inmersivos en realidad virtual y aumentada

ROCÍO DEL PILAR SOSA FERNÁNDEZ

Director/es: Enrique Castello Mayo, Roi Mendez Fernandez

PD: Comunicación e Información Contemporánea

Data: 29/11/2024 - Presencial

Resumo:

En esta tesis se examinó el potencial educativo de la tecnología de los platós virtuales para la enseñanza mediante la ejemplificación del entorno virtual Edison, una plataforma que simplifica el concepto de los estudios virtuales y permite la realización de creaciones con realidad mixta por usuarios no expertos. Los resultados indican que existe un potencial positivo para el uso de la tecnología como catalizador de la creatividad en el proceso de enseñanza y aprendizaje. Su aplicación crea una sinergia en el aula en la que se revaloriza el papel del profesorado y se fomenta la participación e implicación del alumnado en respuesta al esfuerzo requerido por el creador de contenido. Sin embargo, se evidencia que la reproducibilidad de los modelos de enseñanza-aprendizaje tradicionales no es viable para la enseñanza con recursos inmersivos y se requiere una adaptación de los tres agentes al nuevo entorno.

A redefinición da política de control de fronteiras da Unión Europea á luz da crise de refuxiados

CARLOS DURÁN SUÁREZ

Director/es: María Isabel Lirola Delgado

PD: Dereito

Data: 29/11/2024 - Presencial

Resumo:

A investigación constitúe un percorrido crítico polos cambios experimentados na política de control de fronteiras e de asilo da Unión Europea como consecuencia da crise de refuxiados afrontada por Europa na pasada década. As orixes da crise poden situarse nos movementos de desprazados producidos polos conflitos que tiveron lugar, desde 2011, en varios países do norte de África e de Oriente próximo, na denominada Primavera Árabe. O obxectivo desta investigación constitúe o exame dos cambios introducidos, co foco especialmente posto no respecto dos dereitos fundamentais de migrantes e solicitantes de asilo.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Unha investigadora do CRETUS consegue o recoñecemento á mellor tese outorgado pola Cátedra AgroBank

Á súa tese: “Converter os biorresiduos en biomateriais e produtos bioactivos: un ámbito da economía circular”

Ana Arias, doutora pola USC, é a gañadora do VIII Premio á Mellor Tese de Doutoramento da Cátedra AgroBank ‘Calidade e Innovación no sector agroalimentario’, impulsada por CaixaBank e a Universitat de Lleida. Este premio reconece a excelencia nos ámbitos da innovación, calidade ou seguridade agroalimentaria, á vez que contribúe a impulsar a carreira profesional da persoa autora.

A gañadora do premio é doutora en Enxeñaría Química e Ambiental, e foi seleccionada grazas á súa tese “Converter os biorresiduos en biomateriais e produtos bioactivos: un ámbito da economía circular”. Neste traballo, Arias ofrece diversas solucións para xestionar e aproveitar os residuos agrarios e forestais, que supoñen un importante problema tanto para o medio ambiente como para a saúde humana, proporcionando deste xeito modelos produtivos máis sostibles ao tempo que se promove a economía circular.

Nesta edición, recibíronse 67 candidaturas para o premio, fronte ás 72 do pasado ano. Do total de candidaturas, un 58,2% foron presentadas por mulleres. Participaron doutores e doutoras residentes en 13 comunidades autónomas.



[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Ana Arias Calvo

Ana Arias Calvo, á mellor tese que outorga a Cátedra AgroBank

«Os biorresiduos supoñen un problema sempre e cando a súa xestión na fin de vida non sexa adecuada»

Que supón para ti este premio á mellor tese?

Este premio é para min unha gran satisfacción e alegría, xa que é un recoñecemento de todo o traballo e esforzo realizado durante a tese de doutoramento.

Por que decidiches centrar a túa investigación nos biorresiduos?

O ámbito de investigación da sustentabilidade, o medio ambiente e a economía circular sempre me gustou moito. Xa na carreira (Enxeñaría Química na USC) escollín todas as materias que versaban sobre temáticas ambientais, e continúei facéndoo no mestrado (Mestrado de Enxeñaría Química e Bioprocesos da USC). A problemática ambiental da xeración de residuos e a súa xestión son temas importantes na consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible, así como para as iniciativas e plans de acción para avogar por una economía circular. Polo tanto, e tamén grazas á proposta e ao traballo de investigación dos meus directores de tese (María Teresa Moreira Vilar e Gumersindo Feijóo Costa), tiven a gran oportunidade de continuar con esta temática de investigación durante os meus estudos de tese de doutoramento.

Que cres que aporta a túa tese que a fai destacar sobre o resto?

A miña tese combina varios modelos de valorización empregando diferentes recursos residuais agro-industriais e proporcionando diferentes tipoloxías de bio-productos: bioadhesivos, antioxidantes, compostos antimicrobianos e bioplásticos. Levouse a cabo a modelización dos procesos, así como a súa avaliación de sustentabilidade, a partires da metodoloxía de análise de ciclo de vida no que respecta ao pilar

[↩ Ir ao sumario](#)

medioambiental, así como análises tecno-económicas e de eco-eficiencia. Inclusive, para o caso dos bioadhesivos, avaliáronse os límites planetarios. Polo tanto, creo que a combinación de modelos de valorización e metodoloxías de avaliación é o aspecto máis salientable da miña tese de doutoramento.

De xeito resumido, por que os biorresiduos agrarios e forestais supoñen un problema para o medio ambiente? E para a saúde?

Os biorresiduos supoñen un problema sempre e cando a súa xestión na fin de vida non sexa adecuada. Apostar por modelos de xestión sostibles non soamente evita problemas de contaminación ou outros impactos ambientais asociados, senón que tamén contribúe a converter residuos en recursos, a transformar modelos de economía lineal en modelos circulares, así como a xerar un maior beneficio ambiental (pola redución de impactos e o aproveitamento integral dos recursos), económico (polo seu aproveitamento cara produtos de alto valor engadido en mercado) e social (polos produtos xerados, de base biolóxica).

Investigacións como a túa permítennos ser optimistas?

De acordo cos resultados obtidos tras a avaliación dos procesos propostos coas metodoloxías de avaliación, considero que si. Os indicadores son prometedores, tanto a nivel ambiental como económico, cando se comparan con alternativas xa presentes no mercado. Na miña opinión é necesaria a implantación de modelos de economía circular no mercado a curto prazo, tanto para fomentar modelos máis respectuosos co medio ambiente como para reducir a produción de residuos.

Como cres que vai afectar este recoñecemento á túa carreira investigadora?


Gustaríame continuar no mundo académico e na investigación. A futuro, o meu obxectivo sería formar parte do equipo docente da Universidade de Santiago, e considero que este recoñecemento pode axudarme a adquirir as competencias e a excelencia necesaria para poder conseguilo.

Seguro que hai máis dunha persoa coa que quixeras compartir este premio...

Sen dúbida o meu maior agradecemento é para os meus pais, que sempre están ao meu carón, animándome cada día a mellorar e apoiándome en todo. Tamén por suposto aos meus directores de tese, María Teresa Moreira Vilar e Gumersindo Feijóo Costa, pola súa dedicación constante e a súa confianza no meu traballo, así como por brindarme a oportunidade de facer esta tese.

EDIUS **NOVAS**

Premio da Sociedade Española de Psiquiatría e Saúde Mental para unha tese da USC



A Sociedade Española de Psiquiatría e Saúde Mental (**SEPSM**) premiou a tese de doutoramento de Fernando Facal como a mellor publicada en 2023. Trátase dunha investigación que partía da evidencia de que os trastornos psiquiátricos e as adicións teñen tanto un compoñente ambiental -do entorno social de cada individuo- como outro xenético, o que permite coñecer máis destas enfermidades e desenvolver unha medicina máis personalizada e predictiva. O científico é psiquiatra do Programa de Primeiros Episodios Psicóticos de Santiago e investigador posdoutoral no grupo de Xenética Psiquiátrica do Instituto de Investigacións Sanitarias (**IDIS**).

A tese, titulada “Xenética dos trastornos psiquiátricos: aproximacións xenómicas asumindo polixenicidade e pleiotropía”, estivo dirixida polo catedrático de Medicina Legal da USC Ángel Carracedo e polo líder do grupo Xenética Psiquiátrica, Javier Costas. Os resultados publicáronse en revistas de prestixio no campo da psiquiatría como **Drug and Alcohol Dependence**, **Schizophrenia Research** o **Acta Psychiatrica Scandinavia**.

[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Fernando Facal

Fernando Facal, premio a tese de doutoramento pola Sociedade Española de Psiquiatría e Saúde Mental

«É fundamental mellorar a formación en saúde mental para profesionais de atención primaria e apostar por programas que combatan o estigma social»

Que significa para ti este recoñecemento?

Estou moi contento por este recoñecemento, é unha oportunidade para dar visibilidade ao noso traballo e ao ámbito da xenética psiquiátrica, que ás veces pasa desapercibido, pero que ten un gran potencial para mellorar a comprensión dos trastornos mentais. Investigo no grupo de Xenética Psiquiátrica do IDIS, que é un grupo relativamente pequeno en comparación con outros. Porén, síntome moi orgulloso do traballo que realizamos, considero que ten un rigor científico e unha creatividade moi altos. Javier Costas, que é o investigador principal do noso grupo, garante ambas cousas. Por iso estou especialmente satisfeito.

Que cres que achega a túa tese para merecer este premio?

Na miña tese, partimos da idea de que os trastornos mentais non son categorías illadas, senón que existe un continuo entre eles e, ao mesmo tempo, dentro dun mesmo trastorno hai unha heteroxeneidade importante. Tentamos demostrar isto dende o campo da xenética e, efectivamente, achegamos evidencia ao respecto. Demostramos que a dependencia do alcohol comparte moita variación xenética con outros trastornos mentais e tamén que as formas máis graves de esquizofrenia están asociadas a unha maior carga xenética. Estes achados axudan a ter unha visión máis precisa sobre cal é a arquitectura xenética dos trastornos mentais e poderían axudar a redefinir as clasificacións actuais dos trastornos mentais.

A orixe bio-psico-social dos trastornos psiquiátricos. É esta unha mirada nova?

A idea de que na orixe dos trastornos psiquiátricos interveñen factores biolóxicos, psicolóxicos e sociais non é nova. Porén, lamentablemente, estas escolas estiveron moitas veces enfrontadas. Creo que na actualidade a evidencia de que tanto uns como outros factores inflúen na saúde mental é enorme, e por iso ten máis sentido ca nunca traballar desde esta perspectiva bio-psico-social, tanto na clínica coma na investigación.

«Creo que a principal aplicación clínica estará relacionada coa predición prognóstica ou de resposta ao tratamento nos trastornos mentais graves»

Por que decidiches centrar neste tema a túa investigación?

Unha investigación debe comezar cunha pregunta que nos facemos, que queremos responder e que a ciencia, a día de hoxe, aínda non é capaz de resolver. Xeralmente, invéstigase nun grupo que xa ten algunha liña aberta e xorden novas preguntas de investigación nesa liña. No caso da medicina, a práctica clínica tamén é unha fonte de preguntas a investigar. No meu caso, ambas foron decisivas. Antes de empezar a tese, incorporeime ao grupo de Xenética Psiquiátrica do IDIS, con anos de traxectoria e liñas moi interesantes en curso sobre unha visión transdiagnóstica da psiquiatría. O primeiro artigo da tese vai nesa liña. A práctica clínica tamén me fixo ver que algunhas preguntas aínda sen resolver teñen que ver coa dificultade que temos hoxe en día para predicir o prognóstico nos trastornos mentais graves. Dous dos tres artigos da tese investigan isto.

Que aplicacións clínicas futuras poderían ter os resultados da túa tese?

Creo que a principal aplicación clínica estará relacionada coa predición prognóstica ou de resposta ao tratamento nos trastornos mentais graves. En dous dos traballos publicados na tese, contribuímos a mellorar a predición, mediante a xenética, tanto da falta de resposta ao tratamento coma do número de ingresos hospitalarios en pacientes con diagnóstico de esquizofrenia. Actualmente non temos boas ferra-

 [Ir ao sumario](#)

mentas para predicir isto, algo desexable que permitiría actuar a tempo e tomar as decisións axeitadas no momento adecuado. Se conseguimos predicir mellor quen terá unha mala resposta a un tratamento ou un maior risco de hospitalización, poderemos axustar os tratamentos de forma máis eficaz e planificar intervencións preventivas.

Estamos no bo camiño para conseguir unha psiquiatría máis predictiva e personalizada?

Creo que si, en xeral estamos no camiño dunha medicina máis predictiva e personalizada, e a psiquiatría non se está quedando atrás. Xa temos test xenéticos que axudan a prescribir algúns psicofármacos de maneira máis precisa e personalizada. Obviamente, aínda queda moito camiño por percorrer, pero creo que se están facendo moitas cousas ben, por exemplo, coa creación de grandes consorcios con participación de moitos grupos de investigación de todo o mundo, como o Psychiatric Genomics Consortium, no que o noso grupo participa, que permiten realizar investigación de altísima calidade. Tamén hai aínda desafíos importantes por diante, por exemplo, garantir que estas ferramentas xenéticas que estamos investigando se integren na práctica clínica diaria de maneira accesible e equitativa para todos os pacientes.

A sociedade xa non lle ten tanto medo a falar de problemas relacionados coa saúde mental. Pero estamos preparados para afrontar os cambios necesarios para que a situación mellore?

A sociedade cada vez é máis consciente da súa saúde mental, algo sen dúbida moi positivo. Porén, isto fai que a demanda de atención sexa maior, polo que precisamos máis recursos dos que temos actualmente. Fáltannos

máis profesionais sanitarios da saúde mental, así como mellores recursos físicos e organizativos. Ademais de máis recursos, tamén é fundamental mellorar a formación en saúde mental para profesionais de atención primaria e apostar por programas educativos que combatan o estigma social.

Cal é para ti a clave para que unha persoa poida gozar dunha boa saúde mental?

Evidentemente, cada persoa é un mundo e pode necesitar cousas distintas, como un medicamento no caso de que sexa indicado. Pero, en liñas xerais, para toda a poboación, é importante coidar a saúde física, facer deporte, descansar ben e cultivar a vida social, xa que somos seres sociais. Tamén é clave ter un sentido na vida, con metas a curto, medio e longo prazo. Contar cun traballo digno e motivador contribúe a isto. Por suposto, é fundamental contar con condicións básicas, como unha vivenda accesible. A pirámide de Maslow resume ben estas necesidades. É fundamental que os gobernos invistan en políticas públicas que promovan estas condicións, especialmente en colectivos vulnerables.

Que se pode facer desde a psiquiatría?

A psiquiatría é unha rama da medicina que principalmente atende ás persoas que xa teñen a saúde mental minguada. Nese punto, como calquera rama da medicina, ofrece curación ás veces, alivio noutras ocasións e acompañamento sempre. Ademais, tamén é importante que os profesionais da psiquiatría nos adiantemos e axudemos á poboación, que aínda non sufriu un evento adverso de saúde mental, a coidarse, por exemplo, participando en campañas educativas para a poboación xeral. É importante destacar que a psiquiatría colabora con outras disciplinas, como a psicoloxía, o traballo social e a saúde pública, para promover unha atención integral.

**«A ciencia sempre paga a pena
porque os seus descubrimentos, tarde
ou cedo, sempre se aplican»**

Severo Ochoa

nEDIUS

Editada por Escola de Doutoramento
Internacional da USC (EDIUS),
Santiago de Compostela

Coordinación:
Miguel Tüñez

Revisión lingüística:
Gisella Costas López
*PD Estudos da Literatura
e da Cultura*

Copy:
Clara Castilla

Deseño:
nudobrand

Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)

881814360 / 14361
edius@usc.es

Casa dos Catedráticos. Av. das Ciencias, 6
15782 Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 1550-2020
ISSN 2792-6079



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

*Actividade financiada polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura,
Educación e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i.*